

**RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO
DO 7 DE NOVEMBRO DE 2011, POLA QUE SE
DETERMINAN AS ÁREAS E CANDIDATOS/AS
SELECCIONADOS/AS DO PROGRAMA ESPECIAL DE
PROMOCIÓN DO PDI 2010-2011**

Por acordo do Consello de Goberno do 14 de febreiro de 2011, fíxose pública a Convocatoria do Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo (curso 2010/2011).

Con data 8 de abril de 2011, foi publicada a relación definitiva de admitidos e excluídos para participar nesa convocatoria.

A Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións recibiu, tal e como establece a convocatoria, os informes de avaliación das persoas candidatas elaborados por unha comisión de expertos externos no marco do convenio subscrito pola Universidade de Vigo e a ACSUG.

Recibidas as alegacións, a Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións solicitou da ACSUG a revisión ás cualificacións provisionais. Con data 24 de outubro de 2011 a Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións recibiu os novos informes da CGIACA, no que se fundamenta a presente resolución.

A COAP, reunida o 7 de novembro de 2011, fixo a selección de áreas e persoas candidatas segundo o procedemento establecido na convocatoria.

Por isto, esta Reitoría, segundo o acordo da COAP de data 7 de novembro de 2011,

RESOLVE:

Determinar que nas prazas que se recollen no ANEXO I sexan convocadas prazas de Profesor Titular de Universidade ou Profesor Contratado Doutor nas condicións previstas na convocatoria do Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo (curso 2010/2011) a petición das persoas seleccionadas no programa, que tamén se indican no ANEXO I.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó de recibo desta notificación que se practica por correo certificado con aviso de recibimento de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Non obstante, os interesados poderán optar por interpor recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á notificación; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou por silencio administrativo do recurso de reposición.

Vigo, 7 de novembro de 2011

O REITOR

Por delegación R.R. 05/09/2011

A Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións



Margarita Estévez Toranzo.

ANEXO I

PROGRAMA ESPECIAL DE PROMOCIÓN DO PDI 2010/2011.

AREAS DE COÑECEMENTO E CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS

Área de coñecemento onde será convocada a praza nas condicións previstas na convocatoria (en orde alfabética)	Candidato/a seleccionado/a que deberá solicitar a saída a concurso da mesma nas condicións previstas na convocatoria
ANATOMÍA E EMBRIOLOXÍA HUMANA	PADÍN IRUEGAS, MARÍA ELENA
BIOQUÍMICA E BIOLOXÍA MOLECULAR	SUÁREZ ALONSO, MARÍA DEL PILAR
DEBUXO	HEYVAERT, ANN
ECOLOXÍA	MOURIÑO CARBALLIDO, BEATRIZ
ECONOMÍA APLICADA	TOUZA MONTERO, JULIA MARÍA
ENXEÑARÍA QUÍMICA	MOURE VARELA, ANDRÉS
FILOLOXÍA GALEGA E PORTUGUESA	SOTO ANDIÓN, XOSÉ
FISICA APLICADA	TRILLO YÁNEZ, MARÍA CRISTINA
FISIOLOXÍA	FERREIRA FARO, LILIAN ROSANA
FISIOLOXÍA VEXETAL	PEDROL BONJOCH, NURIA
HISTORIA DA ARTE	CENDÁN CAAVEIRO, MARÍA SUSANA
NUTRICIÓN E BROMATOLOXÍA	RIAL OTERO, RAQUEL
QUÍMICA ORGÁNICA	BESADA PEREIRA, PEDRO
TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS	GARCÍA-TUÑÓN BLANCA, INÉS
TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS	GÓMEZ ARAUJO, MARTA
TRADUCCIÓN E INTERPRETACIÓN	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, MARÍA BEATRIZ
XENÉTICA	CARVAJAL RODRÍGUEZ, ANTONIO
ZOOLOXÍA	AIRA VIEIRA, MANUEL